

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000010.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércres**, día **15 de marzo de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO NÚCLEO RURAL 28.2 CASTELO-CERRACÍN-CACABELOS, PARROQUIA DE MAZOI (Exp. 2021/Y001/000086).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA NA RÚA DOS CHAOS, NÚMERO 33 (2022/Y001/000031).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUN ALMACÉN AGRÍCOLA EN MUXA DE ABAIXO (Exp. 2021/Y001/000057).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUN ALMACÉN AGRÍCOLA PARA AUTOCONSUMO EN SAN PEDRO DE ROMEÁN (Exp. 2020/Y001/000297).
5. LICENZA URBANÍSTICA PARA MODIFICADO PARA AGRUPACIÓN E REFORMA DE NAVE INDUSTRIAL SITA NA RÚA DA INDUSTRIA, PARCELAS 94-3 E 94-4 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CEAO (Exp. 2022/Y001/000305).
6. ORDENANZA DA TRAMITACIÓN DOS TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA E DAS ACTIVIDADES. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1173300075923684094.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-3-2023

DE ALEGACIÓNS (2022/T014/000001).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

#### **CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

7. PLAN DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LUGO PARA O ANO 2023.

8. CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DOS ESPAZOS NECESARIOS NA PRAZA MAIOR E NA PRAZA DE SANTO DOMINGO PARA A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS-LATRINA, EXP. REF.: 2022-C005-000014. ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN.

9. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DE PLATAFORMAS AÉREAS DE PERSOAS DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2023/C003/000014.

10. PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS E NA PRAZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2023/C012/000001.

#### **FOMENTO**

11. CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO COA FINALIDADE COMÚN DE COLABORAR NA PAVIMENTACIÓN DA RÚA SAN ISIDRO LABRADOR.

#### **FACENDA LOCAL**

12. RECURSO DE REPOSICIÓN ALEGANDO ERROR NA LIQUIDACIÓN DO EXPEDIENTE 2021/Y001/000160.

13. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA PARA A AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA DE VACÚN EN SAN ROMÁN, NUMERO 6, SANTA CRISTINA DE SAN ROMÁN.

14. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA RÚA CAMPOS NOVOS, NÚMERO 56.

15. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA PARCELAMENTO DA PARCELA CATASTRAL NÚMERO 228 DO POLÍGONO 502 CON REFERENCIA CATASTRAL 27900F502002280000KY, FORMADA POR DÚAS PARCELAS URBANÍSTICAS, EN RIAZÓN, PARROQUIA DE OMBREIRO.

16. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN, EXECUCIÓN DE APARCADOIRO PRIVADO E PECHE DE PARCELA NA RÚA VIÑEDO.

17. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA AGREGACIÓN E SEGREGACIÓN DAS PARCELAS, SITAS NA AVENIDA DA CORUÑA, NÚMEROS 309-313, ESQUINA RÚA LADRA, NÚMEROS 2-6.

**ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

**PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ**

18. CAMBIO DE TITULARIDADE DO POSTO NÚMERO 7 DA PRAZA DE

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refª: ispac1173300075923684094.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-3-2023

ABASTOS.

19. AXUSTE DO HORARIO DE APERTURA E PECHE AO PÚBLICO NO RECINTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN FROILÁN.

## **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**